

Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 89

ano 15

xullo-agosto 2020

Centenario da “Xeración Nós” (I) **UNHA BANDA DESEÑADA DE RISCO**



Entre os documentos entregados por Xoaquín Lorenzo ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense, hai dous de especial relevancia: o libro de actas da “Moceda Galeguista d’Ourense” —fundada o 27 de novembro de 1920; refundada como “Irmandade Nazionalista Galega, delegación d’Ourense” o 23 de marzo de 1922; e como “Irmandade Galeguista” o 11 de maio de 1930— e unha “banda deseñada de Vicente Risco”. Trataremos aquí esta segunda.

O debuxo preséntase dividido, a man alzada, en catro viñetas aproximadamente de igual tamaño, rodeadas cun texto que circunda todo o conxunto.

Tres das catro viñetas, así como o texto, están relacionadas coa publicación dun artigo de Xoaquín Lorenzo: “As dornas de Porto do Son”, *Nós*, núm 126-127, xuño-xullo, 1934, pp. 109-116. O artigo, moi completo, sobre un aspecto de etnografía mariñeira, aparece asinado no mes de xuño de 1933, e con el dá continuidade práctica a un anterior teórico publicado tamén en *Nós*, número 111, marzo de 1933, “Notas pra un

cuestionario de etnografía. Embarcacións”.

Neste “Cuestionario” inclúe 115 cuestións sobre as que debe incidir quen queira facer unha investigación e tratan sobre asuntos materiais, económicos, náuticos, costumes, organización, etc. Foi presentado no Seminario de Estudos Galegos o 17 de xaneiro dese 1933, e vai precedido na publicación en *Nós*, dunhas palabras de Risco nas que o presenta como traballo realizado polo autor para a Sección de Etnografía do SEG.

Así pois, temos catro datas: a de presentación do cuestionario ao SEG, 17 de xaneiro de 1933; a da súa publicación, marzo de 1933; a de conclusión do traballo práctico sobre a dorna, xuño de 1933; e a da publicación resultado, en xuño-xullo de 1934.

[1934. Ourense]

Banda deseñada debuxada por Vicente Risco sobre a publicación dun artigo de Xoaquín Lorenzo na revista *Nós*.

Original; papel; galego; 220 x 160 mm.

AHPOu, Familia Lorenzo Fernández, C. 9761/01

O argumento

Polo texto, polas imaxes e pola secuencia de datas, dedúcese o fío argumental da historia: finalizado o traballo sobre a dorna, Xoaquín Lorenzo, fixollo chegar ás mans de Ánxel Casal, daquela editor da revista *Nós*, a Santiago, para a súa publicación, a principios do verán de 1933. No mes de Nadal Xoaquín Lorenzo trasládase a Zaragoza con seu irmán Xurxo para acabaren as carreiras universitarias. Será, seguramente desde alí, que lle escriba a Risco, pois, de estaren en Ourense e vivindo un enfronte do outro, na rúa da Paz, non habería lugar a intercambio epistolar. Porén, as cousas tórcentese e Xoaquín Lorenzo estará de volta en Ourense a principios de abril xunto co cadáver de seu irmán Xurxo, morto o día 3 dese mes en Zaragoza en circunstancias complicadas. O número de abril-maio de *Nós*, o 124-125, está dedicado á memoria de Xurxo.

Así pois, debeu ser neses primeiros meses de 1934 que Xoaquín Lorenzo lle rifase espistolamente a Vicente Risco polo atraso na publicación. A súa resposta, humorística, é esta banda deseñada.

Na primeira viñeta aparece un “Xocas” delgadiño e co pelo revoltado e a man erguida diante dun “V. Risco” axoellado e coas mans xuntas como pedindo perdón.

Na segunda viñeta, “Casal” -Ánxel Casal- de sombreiro e andando, deposita nunha caixa de correos con forma de boca de león e a indicación “Correos” un sobre escrito con “Imprenta Nos. Sr. Don Vicente Risco, Santo Domingo 47 Ourense”, pois, como director literario, Risco debía visar os artigos para publicar.

Na terceira viñeta, nunha perspectiva frontal, unha figura sentada nun escritorio, aparece tapada por un papel que suxeita para ler e que pon “Dornas” e para que quede máis claro aínda, unha indicación superior “Casa de V. Risco”.

Ata aquí o caso dun manuscrito que vai e vén de Ourense a Santiago, e cuxa demora en entrar en máquinas, desacougaba a “Xocas”.

A cuarta viñeta

A derradeira viñeta non ten, aparentemente, que ver coa historia e debe ser un tema de complicidade entre ambos. Aparecen nela cinco participantes sentados nunha mesa, cun letreiro superior “Cursillos”, e cunha orla de interrogacións que delimita a viñeta pola parte interior. As cinco persoas aparecen identificadas: “Dr. Íñigo”, “Sra. de Maceda”, “Couceiro Freijomil”, “Maruja Cid” e “Vicente Risco”. Tres indicacións entre as interrogacións que din “Ollo”, aparecen baixo as figuras do “Dr. Íñigo”, “Couceiro Freijomil” e “Maruja Cid”, se cadra casualmente.

A “Sra. de Maceda”, é, sen dúbida, Concepción Ramón Amat, directora da Escola Normal de Mestres (1932-34), esposa de Manuel Maceda (Inspector Xefe de educación neses mesmos anos). Unha das súas insustancias como directora da Escola de Mestres foi promocionar cursiños de extensión cultural abertos á poboación, nos que Risco, docente da Normal, participou

como relator de Historia. Avanzado 1934 produciuse unha remuda nos cargos e Vicente Risco pasou a ser o Director da Escola e “Couceiro Freijomil”, Antonio, tamén profesor, pasou a ser Inspector Xefe de Educación. “Maruja Cid” -María Cid López-, foi tamén Inspectora de Educación desde os anos trinta e “Dr. Íñigo”, como nos informa o doutor e historiador David Simón, era o pseudónimo de Ignacio Herrero Fuentes, mestre en Tamallancos e colaborador na prensa galega en temas de cultura.



Encabezamento do artigo de Xoaquín Lorenzo publicado en *Nós* que deu lugar ás viñetas debuxadas por Vicente Risco.

Así pois, todos os participantes na mesa, eran mestres participantes neses cursiños. O significado da viñeta para Xoaquín Lorenzo non o sabemos, aínda que, se cadra, non é alleo ás polémicas daqueles momentos entre Risco e Couceiro, entre outras, sobre a cuestión da bandeira, pois este último seguía a defender que debía ser só branca.

O texto á volta

O texto que rodea as viñetas di:

Querido Xocas: ehi vai espricado todo o qu'acontez. As/ dornas están no meu poder. Tamén as verbas. Estanse tratando co Casal as cousas/ de Nós. Hoxe estivo eiquí o Fermín co-a muller. Cando/ veña xa l'espricarei. Levo traballado moito. Estou morto. Estou enrabeado. Non sei.

Apertas, VRisco

Translocen aquí os problemas existentes entre a dirección literaria, ou sexa Vicente Risco, e o case todopoderoso “administrador” da revista, do xornal *A Nosa Terra*, da editorial e imprenta *Nós*, Ánxel Casal. As conversas, os tratos entre eles, sinálanse cun “Estanse tratando co Casal as cousas de Nós”, e confirmanos o labor de intermediación de Fermín Bouza Brey, activísimo mozo colaborador da revista: “Hoxe estivo eiquí o Fermín co-a muller.” E remata con puro desacougo existencial. “Cando/ veña xa l'espricarei”, —a Xoaquín Lorenzo, pois sempre se trataron de vostede entre eles—. “Levo traballado moito. Estou morto. Estou enrabeado. Non sei”.

Ese malestar, por sorte, non se chegaría a concretar en peche ou abandono, e a revista aínda duraría un ano máis despois desta banda deseñada tan orixinal entre as moitas experiencias debuxísticas do autor.

Texto: Afonso Vázquez-Monxardín. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491